

obradoiro de artesanía

Publicación cuatrimestral de Artesanía de Galicia / Publicación cuatrimestral de Artesanía de Galicia. n.º 5 maio / mayo 2010



ENVÓLVETE DE ARTESANÍA DE GALICIA



A TÚA EMPRESA MARCA A DIFERENZA.
POR ISO REGALAS ARTESANÍA DE GALICIA

Aos teus clientes ofrécéslle calidade, profesionalidade e exclusividade cada día. E cando queres realizar un agasallo queres algo especial, algo diferente. Por eso escolles Artesanía de Galicia, calidade e deseño feito á man.



XUNTA DE GALICIA



Limiar - PRÓLOGO

O número 5 de *Obradoiro de Artesanía* supón tamén o inicio dunha nova etapa, na que estreamos imaxe e incrementamos tanto a periodicidade como a súa tiraxe. As edicións en galego e en inglés que se fixeron dos catro números anteriores pasan a ser nesta nova etapa dúas edicións bilingües (galego-castelán e inglés-castelán), un paso clave que nos permitirá chegar a un maior número de lectores relacionados co sector da artesanía, sen a necesidade de sacar unha terceira edición en castelán. Por outra banda, tedes nas vosas mans unha publicación que segue fiel á liña de deseño dos últimos números pero a través dun formato moito máis cómodo e manexable, mantendo, por suposto, a calidade tanto nos contidos como nas imaxes e, como xa vén sendo habitual, de grande impacto visual.

Asemade, debido ao éxito que está a ter *Obradoiro de Artesanía* entre o propio sector e entre colectivos interesados na artesanía en xeral, consideramos necesario, por un lado, incrementar o número de exemplares, que pasan de 4.500 a ser 8.000, e, polo outro, aumentar a periodicidade da revista, que deixa de ser semestral para converterse en cuatrimestral. Estes cambios, facilitarán a divulgación do sector artesán galego e que teñan unha presenza máis continuada ao longo do ano, con contidos actualizados e de interese.

Como continuación destes cambios, incluímos tamén unha sección de actualidade na que ten cabida información sobre as diversas actividades de impulso e promoción do sector artesán galego dende a Consellería de Economía e Industria a través da Dirección Xeral de Comercio e da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Como en números anteriores, *Obradoiro de Artesanía* ofrece unha proposta ampla e heteroxénea, na que se combina tanto a artesanía tradicional como as opcións máis contemporáneas, e coa que se pretende ofrecer un reflexo da diversidade e riqueza do noso sector artesán.

El número 5 de *Obradoiro de Artesanía* supone también el inicio de una nueva etapa, en la que estrenamos imagen e incrementamos tanto la periodicidad como su tirada. Las ediciones en gallego e inglés que se hicieron de los cuatro números anteriores pasan a ser en esta nueva etapa dos ediciones bilingües (gallego-castellano e inglés-castellano), un paso clave que nos permitirá llegar a un mayor número de lectores relacionados con el sector de la artesanía, sin la necesidad de sacar una tercera edición en castellano. Por otro lado, tenéis en vuestras manos una publicación que sigue fiel a la línea de diseño de los dos últimos números pero a través de un formato mucho más cómodo y manejable, manteniendo, por supuesto, la calidad tanto en los contenidos como en las imágenes y, como ya es habitual, de gran impacto visual.

Así mismo, debido al éxito que está teniendo *Obradoiro de Artesanía* entre el propio sector y entre colectivos interesados en la artesanía en general, consideramos necesario, por un lado, incrementar el número de ejemplares, que pasan de 4.500 a ser 8.000, y, por otro, aumentar la periodicidad de la revista, que deja de ser semestral para convertirse en cuatrimestral. Estos cambios, facilitarán la divulgación del sector artesano gallego y que tengan una presencia más continuada a lo largo del año, con contenidos actualizados y de interés.

Como continuación de estos cambios, incluimos también una sección de actualidad en la que tiene cabida información sobre las diversas actividades de impulso y promoción del sector artesano gallego desarrolladas desde la Consellería de Economía e Industria a través de la Dirección Xeral de Comercio y de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Como en números anteriores, *Obradoiro de Artesanía* ofrece una propuesta amplia y heterogénea, en la que se combina tanto la artesanía tradicional como las opciones más contemporáneas, y con la que se pretende ofrecer un reflexo de la diversidad y riqueza de nuestro sector artesano.

sumario



2 Limiar / Prólogo

4 Entrevista: Javier Guerra, conselleiro de Economía e Industria



10 Desexos de prata / Deseos de plata

16 Universo de cor / Universo de color

24 Tecendo no Castelo de Sobroso / Tejiendo en el Castillo de Sobroso



30 Os camiños do palillo / Los caminos del bolillo

40 Coa cabeza ben amoblada / Con la cabeza bien amueblada

48 Música nos dedos / Música en los dedos

54 Escaparate de vangarda / Escaparate de vanguardia

60 Arco da vella en pel / Arcoiris en piel



65 Actualidade de Artesanía de Galicia / Actualidad de Artesanía de Galicia

Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Industria
Dirección Xeral de Comercio

Coordinación

María Guerreiro
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 999 523 Fax 881 999 170
e-mail: prensa.artesania@xunta.es
www.artesaniadegalicia.org

Maquetación, realización

dardo ds
dardo@dardo-ds.com

Redacción

Eliana Martins, Alfredo Puentes (dardo ds)

Fotografía

Miguel Calvo, Marcio Machado, Cristina Moralejo, Javier Piñeiro,
Manuel G. Vicente, Tamara de la Fuente, Concello de Camariñas,
H. Ríos e contribucións dos artesáns

D.L.: C-4788-2008

obradoiro de artesanía



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA  DE GALICIA



Javier Guerra, conselleiro de Economía e Industria

“A MARCA ARTESANÍA DE GALICIA É A CLAVE PARA A CONSOLIDACIÓN DO NOSO PRODUTO ARTESÁN NOS MERCADOS”

“LA MARCA ARTESANÍA DE GALICIA ES LA CLAVE PARA LA CONSOLIDACIÓN DE NUESTRO PRODUCTO ARTESANO EN LOS MERCADOS”

Cumprido un ano do cambio de goberno na Xunta, Javier Guerra analiza a situación da artesanía en Galicia e adianta cales serán as liñas de traballo do goberno galego para impulsar o sector neste ano 2010. Entre as principais novidades propónse a incorporación do deseño como ferramenta para o desenvolvemento do produto artesán contemporáneo, o impulso á introdución da artesanía galega no exterior a través da marca Artesanía de Galicia, a apertura de novas liñas de mercado e a especial atención ás actividades máis tradicionais. O conselleiro de Economía e Industria manifesta o firme respaldo institucional ao sector da artesanía galega e destaca o papel da marca como peza clave para a promoción e a consolidación do produto artesán galego nos diferentes mercados.

Cumplido un año del cambio de gobierno en la Xunta, Javier Guerra analiza la situación de la artesanía en Galicia y adelanta cuáles serán las líneas de trabajo del gobierno gallego para impulsar el sector en este 2010. Entre las principales novedades se propone la incorporación del diseño como herramienta para el desarrollo del producto artesano contemporáneo, el impulso a la introducción de la artesanía gallega en el exterior a través de la marca Artesanía de Galicia, la apertura de nuevas líneas de mercado y la especial atención a las actividades más tradicionales. El conselleiro de Economía e Industria manifiesta el firme respaldo institucional al sector de la artesanía gallega y destaca el papel de la marca como pieza clave para la promoción y consolidación del producto artesano gallego en los diferentes mercados.

Artesanía de Galicia é a imaxe dos nosos artesáns nos mercados tanto de dentro como de fóra da nosa Comunidade Autónoma. Representa o saber facer dos preto de tres mil profesionais que forman parte do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e reflicte a longa tradición dos nosos oficios, así como a forte aposta da Consellería de Economía e Industria por impulsar a incorporación do deseño contemporáneo no que, por certo, están a despuntar algúns dos nosos artesáns, que están a obter recoñecementos en importantes mercados.

O certo é que a artesanía galega destaca precisamente pola súa calidade, e evidentemente nisto inflúe o amplo coñecemento das técnicas, os materiais, a mestría dos artesáns, o patrimonio cultural, a garantía do feito en Galicia... todo iso é o que representa a marca Artesanía de Galicia, e boa proba disto é o prestixio que está a adquirir entre a sociedade e tamén en novos mercados.

A internacionalización das empresas galegas é unhas das apostas da Consellería de Economía e Industria para este ano 2010. Como se aplica isto ao sector da artesanía? Como consegue Artesanía de Galicia traspasar fronteiras?



Artesanía de Galicia es la imagen de nuestros artesanos en los mercados tanto de dentro como de fuera de nuestra Comunidad Autónoma. Representa el saber hacer de los casi tres mil profesionales que forman parte del Registro Xeral de Artesanía de Galicia y refleja la larga tradición de nuestros oficios, así como la fuerte apuesta de la Consellería de Economía e Industria por impulsar la incorporación del diseño contemporáneo en el que, por cierto, despuntan algunos de nuestros artesanos, que están obteniendo reconocimientos en importantes mercados.

A promoción da marca Artesanía de Galicia no ámbito internacional é un obxectivo fundamental para o equipo da Consellería que dirixo. Por iso, a través da Dirección Xeral de Comercio e da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, estamos a dirixir gran parte dos nosos esforzos á introdución do sector artesán galego en novos mercados a través da presenza do noso stand institucional en feiras de recoñecido prestixio, tanto profesionais como de venda directa.

A idea é que, a través do stand da marca, presentemos pezas únicas, de grande calidade artística e artesanal, pezas con personalidade e identidade propia, e co valor artístico engadido do que gozan todos os produtos artesanais.

Deste xeito, e a partir da experiencia de 2009, no ano 2010 introducimos notables melloras, establecimos un calendario coas feiras que mellor se axeitan ás características do produto artesán galego, e que se inaugurou coa presenza da marca en Maison&Object, celebrada en París a finais do mes de xaneiro deste ano.

Imos fomentar todas aquelas iniciativas que fagan posible que a nosa artesanía percorra o mundo, de xeito que do

Lo cierto es que la artesanía gallega destaca precisamente por su calidad, y evidentemente en esto influye el amplio conocimiento de las técnicas, los materiales, la maestría de los artesanos, el patrimonio cultural, la garantía de lo hecho en Galicia... todo eso es lo que representa la marca Artesanía de Galicia, y gran prueba de ello es el prestigio que está adquiriendo entre la sociedad y también en nuevos mercados.

La internacionalización de las empresas galegas es una de las apuestas de la Consellería de Economía e Industria para este año 2010. ¿Cómo se aplica esto al sector de la artesanía? ¿Cómo consigue Artesanía de Galicia traspasar fronteras?

La promoción de la marca Artesanía de Galicia en el ámbito internacional es un objetivo fundamental para el equipo de la Consellería que dirijo. Por eso, a través de la Dirección Xeral de Comercio y la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, dirigimos gran parte de nuestros esfuerzos a la introducción del sector artesano gallego en nuevos mercados a través de la presencia de nuestro stand institucional en ferias de reconocido prestigio, tanto profesionales como de venta directa.

La idea es que, a través del stand de la marca, presentemos piezas únicas, de gran calidad artística y artesanal, piezas

24 de abril ao 2 de maio, Artesanía de Galicia participou tamén na Mostra Internacional de Artesanía de Florencia; en agosto, levaremos un stand institucional da marca á feira profesional Tendance, que se celebrará en Francfort; volveremos a París no mes de setembro para participar na segunda edición da Maison&Object, e no mes de decembro levaremos o stand institucional de Artesanía de Galicia á feira de venda directa L'Artigiano in fiera de Milán.

Polo que levamos comprobado ata o de agora, Artesanía de Galicia está comezando a facerse un oco nos mercados internacionais como marca recoñecida e dende o goberno galego imos traballar arreo para que sexa unha realidade.

Como se está a impulsar a marca dentro de Galicia?

Os nosos esforzos teñen un dobre obxectivo: dunha banda concienciar a sociedade galega do valor da artesanía en xeral e da calidade e o prestixio da marca Artesanía de Galicia, en particular. Da outra, continuamos coa nosa campaña de fomento da comercialización da marca entre os establecementos comerciais de toda a Comunidade Autónoma.

A nosa intención é incrementar o número de puntos de venda adheridos á marca, co que contribuiremos ao mesmo tempo á divulgación de Artesanía de Galicia, así como

con personalidade e identidade propia, y el valor artístico añadido con el que cuentan todos los productos artesanales.

De este modo, y a partir de la experiencia de 2009, en el año 2010 hemos introducido notables mejoras, establecido un calendario con las ferias que mejor se ajustan a las características del producto artesano gallego, y que se ha inaugurado con la presencia de la marca en Maison&Object, celebrada en París a finales del mes de enero de este año.

Vamos a fomentar todas aquellas iniciativas que hagan posible que nuestra artesanía recorra el mundo, de modo que del 24 de abril al 2 de mayo, Artesanía de Galicia participó también en la Muestra Internacional de Artesanía de Florencia; en agosto, llevaremos un stand institucional de la marca a la feria profesional Tendance, que se celebrará en Frankfurt; volveremos a París en el mes de septiembre para participar en la segunda edición de la Maison&Object, y en el mes de diciembre llevaremos el stand institucional de Artesanía de Galicia a la feria de venta directa L'Artigiano in fiera de Milán.

Por lo que hemos comprobado hasta ahora, Artesanía de Galicia está empezando a hacerse un hueco en los mer-

a consolidar a marca como símbolo de calidade e de prestixio de cara ao consumidor. Como complemento a isto, gustaríame destacar que esta estratexia coincide co fomento do comercio de calidade que estamos a desenvolver a través do Plan Ágora de impulso e reactivación do pequeno comercio, que se aplicará durante os próximos catro anos.

Por último, tamén co obxectivo de achegar a artesanía á sociedade galega, dende a Consellería de Economía e Industria brindamos o noso apoio a diferentes feiras de venda directa, nas que a presenza da marca é maioritaria, como é o caso de Mostrart ou Ofeitoaman. Entendemos que estas feiras funcionan como canles de comercialización do noso produto artesán, ao tempo que contribúen á dinamización social, económica e turística das vilas e das comarcas nas que se celebran.

Introdúcese este ano unha nova liña de formación relacionada co deseño.

Dende a Consellería de Economía e Industria consideramos que existe unha necesidade de crear medidas integrais e prácticas coa finalidade de orientar a produción artesanal cara ao mercado do produto cultural. Isto a través de estratexias de diferenciación, profesionalización do deseño, descentralización produtiva, cooperación empresarial, promoción e comercialización, para o que ta-

cados internacionales como marca reconocida y desde el gobierno gallego trabajaremos sin pausa para que sea una realidad.

“La promoción de la marca Artesanía de Galicia en el ámbito internacional es un objetivo fundamental”

¿Cómo se está impulsando la marca dentro de Galicia?

Nuestros esfuerzos tienen un doble objetivo: por un lado concienciar a la sociedad gallega del valor de la artesanía en general y la calidad y prestigio de la marca Artesanía de Galicia, en particular. Por otro, continuamos con nuestra campaña de fomento de la comercialización de la marca entre

los establecimientos comerciales de toda la Comunidad Autónoma.

Nuestra intención es incrementar el número de puntos de venta adheridos a la marca, con el que contribuiremos al mismo tiempo a la divulgación de Artesanía de Galicia, así como a consolidar la marca como símbolo de calidade y prestixio hacia el consumidor. Como complemento a esto, me gustaría destacar que esta estrategia coincide con el fomento del comercio de calidade que estamos desarrollando a través del Plan Ágora de impulso y reactivación del pequeno comercio, que se aplicará durante los próximos cuatro años.

mén queremos potenciar a colaboración da artesanía con outros sectores na busca de establecer campos de traballo conxunto, novos retos creativos e novos mercados para a nosa artesanía.

Este ano dámoslle continuidade á nosa liña de formación especializada para artesáns, na que agardamos realizar arredor de 50 cursos relacionados coas diferentes actividades artesanais que se desenvolven en Galicia. Neste primeiro semestre, organizamos xa 22 cursos que están a ter moi boa acollida por parte do sector. Por outra banda, este ano introducimos tamén unha formación profesional e técnica axeitada a todos os ámbitos da actividade artesanal. Neste sentido potenciaranse as habilidades no proceso de xestión (diseño, marketing, identidade corporativa, packaging, internet) así como de coñecementos transversais que poidan beneficiar o sector no seu conxunto.

Que outras novidades agardan o sector artesanal galego neste ano 2010?

Unha das actuacións máis importantes é a convocatoria das axudas de fomento ao sector artesanal, nas que este ano terá especial relevancia a incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de traballo e á promoción dos produtos artesáns, así como o fomento de emprego. Temos que destacar que en 2010 incrementamos o investimento nas axudas destinadas aos obradoiros artesáns, que

Por último, tamén con el objetivo de acercar la artesanía a la sociedad gallega, desde la Consellería de Economía e Industria brindamos nuestro apoyo a diferentes ferias de venta directa, en las que la presencia de la marca es

“Artesanía de Galicia está empezando a hacerse un hueco en los mercados internacionales como marca reconocida y desde el gobierno gallego trabajaremos sin pausa para que sea una realidad”

mayoritaria, como es el caso de Ofeitoaman o Mostrart. Entendemos que estas ferias funcionan como canales de comercialización de nuestro producto artesano, a la vez que contribuyen a la dinamización social, económica y turística de los pueblos y comarcas en las que se celebran.

Se introduce este año una nueva línea de formación relacionada con el diseño.

Desde la Consellería de Economía e Industria consideramos que existe una necesidad de crear medidas integrales

pasa dun 60% ata acadar o 70%, que é a porcentaxe de investimento que xa se estaba aplicando nas axudas a asociacións profesionais de artesáns.

Por outra banda, convocaremos a terceira edición dos Premios Artesanía de Galicia, continuaremos coa edición desta revista *Obradoiro de Artesanía*, incrementando tanto a súa periodicidade como a súa tiraxe, ao tempo que seguiremos traballando a prol do desenvolvemento do sector artesanal, ofrecéndolle especial atención ás actividades máis tradicionais.

Neste ano tamén está previsto reforzar as actuacións relacionadas coa exhibición da artesanía galega.

Dende a Consellería de Economía e Industria estamos a apostar decididamente pola exhibición e divulgación da artesanía galega. É por isto, que este ano organizamos a terceira exposición itinerante de madeira torneada “Contornos”, tras o éxito do ano pasado.

A exposición rematará en Xermade coa celebración do décimo encontro de torneiros, que nesta ocasión volverá contar coa presenza de destacados profesionais da tornería a nivel internacional e con actividades paralelas de interese para os asistentes.

y prácticas con la finalidad de orientar la producción artesanal hacia el mercado del producto cultural. Esto a través de estrategias de diferenciación, profesionalización del diseño, descentralización productiva, cooperación empresarial, promoción y comercialización, para lo que también queremos potenciar la colaboración de la artesanía con otros sectores con el objetivo de establecer campos de trabajo conjunto, nuevos retos creativos y nuevos mercados para nuestra artesanía.

Este año damos continuidad a nuestra línea de formación especializada para artesanos, en la que esperamos realizar alrededor de 50 cursos relacionados con las diferentes actividades artesanales que se desarrollan en Galicia. En este primer semestre, hemos organizado ya 22 cursos que tienen muy buena acogida por parte del sector. Por otro lado, este año hemos introducido también una formación profesional y técnica ajustada a todos los ámbitos de la actividad artesanal. En este sentido se potenciarán las habilidades en el proceso de gestión (diseño, marketing, identidad corporativa, packaging, internet) así como de conocimientos transversales que puedan beneficiar al sector en su conjunto.

¿Qué otras novedades esperan al sector artesanal gallego en este año 2010?



Una de las actuaciones más importantes es la convocatoria de las ayudas de fomento al sector artesanal, en las que este año tendrá especial relevancia la incorporación de las nuevas tecnologías al proceso de trabajo y a la promoción de los productos artesanos, así como el fomento del empleo. Tenemos que destacar que en 2010 hemos incrementado la inversión en las ayudas destinadas a los talleres artesanos, que incrementamos la inversión en las ayudas destinadas a los talleres artesanos, que pasa de un 60% hasta alcanzar el 70%, que es el porcentaje de inversión que ya se estaba aplicando en las ayudas a asociaciones profesionales de artesanos.

Por otro lado, convocaremos la tercera edición de los Premios Artesanía de Galicia, continuaremos con la edición de esta revista *Obradoiro de Artesanía*, incrementando tanto su periodicidad como su tirada, a la vez que seguiremos trabajando en favor del desarrollo del sector artesanal, ofreciendo especial atención a las actividades más tradicionales.

Este año también está previsto reforzar las actuaciones relacionadas con la exhibición de la artesanía gallega.

Desde la Consellería de Economía e Industria apostamos decididamente por la exhibición y divulgación de la artesanía gallega. Es por ello, que este año organizamos la

O que pretendemos introducir dende o goberno galego é a apertura dunha liña de exposicións monográficas, por sectores, que se realizarán anualmente. Neste sentido, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño estamos a preparar unha exposición de xoyería en Galicia, na que se incluírá tanto a xoyería tradicional como as propostas máis contemporáneas, que se celebrará no mes de setembro de 2010, e mais unha mostra dedicada á encadernación.

A nosa intención é que este tipo de iniciativas contribúan a desenvolver o sector, a achegar a sociedade á artesanía, a abrir novas posibilidades de creación e de comercialización para os nosos artesáns e mais a consolidar Artesanía de Galicia como marca de prestixio e calidade.

“Artesanía de Galicia está comezando a facerse un oco nos mercados internacionais como marca recoñecida e dende o goberno galego imos traballar arreo para que sexa unha realidade”

tercera exposición itinerante de madeira torneada “Contornos”, tras el éxito del año pasado.

La exposición terminará en Xermade con la celebración del décimo encuentro de torneros, que en esta ocasión volverá a contar con la presencia de destacados profesionales de la tornería a nivel internacional y con actividades paralelas de interés para los asistentes.

Lo que pretendemos introducir desde el gobierno gallego es la apertura de una línea de exposiciones monográficas, por sectores, que se realizarán anualmente. En este sentido, a través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño estamos preparando una exposición de joyería en Galicia, en la que se incluírá tanto la joyería tradicional como las propuestas más contemporáneas, que se celebrará en el mes de septiembre de 2010, así como una muestra dedicada a la encuadernación.

Nuestra intención es que este tipo de iniciativas contribuyan a desarrollar el sector, acercar la sociedad a la artesanía, abrir nuevas posibilidades de creación y comercialización para nuestros artesanos, así como a consolidar Artesanía de Galicia como marca de prestigio y calidad.

Desexos de prata

DESEOS DE PLATA

“Eu son de taller”, repite Fe González, artesá da Guarda que deseña xoias que beben directamente do mar. De sempre soubo que quería vivir do traballo das súas mans e agora a prata dálle esa oportunidade, con varias coleccións de xoiería que comercializa coa marca Arela. Unha palabra que transmite todo o que busca Fe no seu traballo: cumprir os seus desexos, os seus soños.

“Yo soy de taller”, repite Fe González, artesana de A Guarda que diseña joyas que beben directamente del mar. De siempre supo que quería vivir del trabajo de sus manos y ahora la plata le da esa oportunidad, con varias colecciones de joyería que comercializa con la marca Arela. Una palabra que transmite todo lo que busca Fe en su trabajo: cumplir sus deseos, sus sueños.



“Creo que para o público é unha garantía saber que se lle ofrece un traballo especial, un material moi diferente, cunha calidade e cun deseño indubidable”

Por casualidade é como Fe González aterrou na xoyería, “tiña claro que quería facer algo coas mans” e por iso foi que se achegou á Escuela Técnica de Joyería del Atlántico, en Vigo, onde estudou fabricación, engaste e deseño. “Sempre digo que empecei moi tarde, porque comecei aos trinta anos e nin sequera viña dunha familia de xoiros”. Así, paso a paso, foi constituíndo este obradoiro de ourivería contemporánea que abriu na Guarda que compaxina cunha tenda de xoyería de autor e de vangarda.

As pezas de Arela son resultado da forte influencia que o mar ten en Fe. Apréciase nos materiais que combina coa prata e co ouro, base do seu traballo, empregando perlas, cunchas, xemas e outras pedras naturais que lle axudan a transmitir sensacións. “Recoñezo que son de mar e iso vese nas pezas. Trato de mesturar materiais, creo que se pode cualificar como xoyería contemporánea, sen deixar de ter unha liña máis convencional para chegar a máis tipos de público, se non é moi difícil conseguilo con cousas arriscadas”, aínda que iso non supón renunciar a explorar e investigar nas posibilidades de materiais e formas, que son a verdadeira motivación de Fe. Facer “locuras” ou “xogar no obradoiro”, como se refire a artesá, é co que máis realizada se sente, mesmo se despois as pezas non teñen unha saída comercial.

“Creo que para el público es una garantía saber que se le ofrece un trabajo especial, un material muy diferente, con una calidad y con un diseño indudable”

Por casualidad es como Fe González aterrizó en la joyería, “tenía claro que quería hacer algo con las manos” y por eso fue por lo que se acercó a la Escuela Técnica de Joyería del Atlántico, en Vigo, donde estudió fabricación, engaste y diseño. “Siempre digo que empecé muy tarde, porque comencé a los treinta años y ni siquiera venía de una familia de joyeros”. Así, paso a paso, fue constituyendo este taller de orfebrería contemporánea que abrió en A Guarda que compagina con una tienda de joyería de autor y de vangarda.

Las piezas de Arela son resultado de la fuerte influencia que el mar tiene en Fe. Se aprecia en los materiales que





combina con la plata y con el oro, base de su trabajo, empleando perlas, conchas, gemas y otras piedras naturales que le ayudan a transmitir sensaciones. "Reconozco que soy de mar y eso se ve en las piezas. Trato de mezclar materiales, creo que se puede calificar como joyería contemporánea, sin dejar de tener una línea más convencional para llegar a más tipos de público, si no es muy difícil conseguirlo con cosas arriesgadas", aunque eso no supone renunciar a explorar e investigar en las posibilidades de los materiales y formas, que son la verdadera motivación de Fe. Hacer "locuras" o "jugar en el taller", como se refiere la artesana, es con lo que más realizada se siente, incluso si después las piezas no tienen una salida comercial. Por ejemplo, su intención es incorporar resinas a sus piezas, una técnica que acaba de aprender en Barcelona, y a la que pretende dedicar tiempo experimentando. "En cuanto tengo una idea la llevo a cabo, a veces empiezo en papel, otras ya lo hago directamente sobre el metal", explica, "ves una gema, por ejemplo, y aunque no sepas lo que vas a hacer con ella, algo saldrá". Por su experiencia, a menudo es el propio material el que condiciona el diseño final de sus piezas, dando origen a piezas únicas y especiales.

En efecto, Fe González señala a su propio instinto como uno de los elementos claves a la hora de afrontar el proceso creativo, sin imponerse plazos ni temporadas. Las coleccio-

nes nacen cuando están maduras, cuando la artesana está satisfecha con el resultado. "También hago mucha pieza suelta, pieza única o piezas sacadas de una misma colección pero variando algo", añade. En general, considera que su estilo se define por crear piezas grandes, como collares o brazaletes. Una de las más especiales fue seleccionada en el 2007 en Eurobijoux, un concurso de nuevos diseñadores europeos celebrado en la isla de Menorca y en el que ya ha participado en cuatro ediciones: "Se trataba de una pieza de visón, de reciclaje, un cuello grande que llevaba una seta marina y perla natural. Otro año se habían quedado con un broche que hice con una concha natural de caracol".

Joyas propias y ajenas

En la tienda-taller de Fe González se pueden encontrar no solo sus creaciones, sino las de algunos colegas artesanos como las creadoras Rosa Méndez, Helena López o Cristina Torres. El criterio para escogerlos es que esas joyas le transmitan algo. "Creo que es bueno para el público, estás ofreciendo un trabajo especial, un material muy diferente, con una calidad y un diseño indudable", explica. Pero simultanear la tienda y el taller le resulta bastante complicado, ya que le impide dedicar todo el tiempo que querría al diseño y a la fabricación de sus piezas, con lo que realmente disfruta. "La tienda es gratificante porque te gusta, después de tanto tiempo tienes una

Por exemplo, a súa intención é incorporar resinas ás súas pezas, unha técnica que vén de aprender en Barcelona, e á que lle pretende dedicar tempo experimentando. “En canto teño unha idea lévoa a cabo, ás veces comezo no papel, outras xa o fago directamente sobre o metal”, explica, “ves unha xema, por exemplo, e aínda que non saibas o que vas facer con ela, algo sairá”. Pola súa experiencia, a miúdo é o propio material o que condiciona o deseño final das súas pezas, dando orixe a pezas únicas e especiais.

En efecto, Fe González sinala o seu propio instinto como un dos elementos clave á hora de afrontar o proceso creativo, sen impoñerse prazos nin tempadas. As coleccións nacen cando están maduras, cando a artesá está satisfeita co resultado. “Tamén fago moita peza solta, peza única ou pezas sacadas dunha mesma colección pero variando algo”, engade. En xeral, considera que o seu estilo se define por crear pezas grandes, como colares ou brazaletes. Unha das máis especiais foi seleccionada en 2007 en Eurobijoux, un concurso de novos deseñadores europeos celebrado na illa de Menorca, e no que xa participou en catro edicións: “Tratábase dunha peza de visión, de reciclaxe, un colo grande que levaba unha seta mariña e perla natural. Outro ano leváranme cun broche que fixen cunha cuncha natural de caracol”.

“As miñas pezas teñen que transmitir algo, ao mercar unha xoia forma parte de ti, lévala na pel ou regálaslla a alguén que queres”

clientela que te busca, o que viene recomendada, pero también es tremendamente difícil, porque estoy trabajando en el taller y tengo que atender a gente, parar... Cada vez me cuesta más compatibilizar la tienda con el taller”, explica Fe. “Me roba tiempo para lo que quiero hacer yo, diseñar, innovar... Soy de talleres y me cuesta compatibilizarlo”, un camino, el del taller, en el que asegura que tiene mucho que recorrer.

Las ferias son un elemento clave para mover la marca Arela. Todas las tiendas en las que está son fruto de este tipo de eventos: bien fuese en MOA, en A Coruña, o en el extranjero, como Frankfurt, Burdeos o Florencia, a las que acudió bajo la marca Artesanía de Galicia. “Frankfurt es una feria profesional, por eso iba con miedo, porque es mucho más fácil ir a vender que ir a exponer tu producto donde van otros profesionales, no sabes si encajará”.



Xoias propias e alleas

Na tenda-taller de Fe González pódense atopar non só as súas creacións, senón as dalgúns colegas artesáns como as creadoras Rosa Méndez, Helena López ou Cristina Torres. O criterio para escollelos é que esas xoias lle transmitan algo. "Creo que é bo para o público, estás ofrecendo un traballo especial, un material moi diferente, cunha calidade e cun deseño indubidable", explica. Pero simultanear a tenda e o taller resúltalle bastante complicado, xa que lle impide dedicar todo o tempo que queredría ao deseño e á fabricación das súas pezas, co que realmente goza. "A tenda é gratificante porque che gusta, despois de tanto tempo tes unha clientela que te busca, ou que vén recomendada, pero tamén é tremendamente difícil, porque estou traballando no taller e teño que atender a xente, parar... Cada vez cústame máis compatibilizar a tenda co taller", explica Fe. "Róubame tempo para o que quero facer eu, deseñar, innovar... Eu son de talleres e cústame compatibilizalo", un camiño, o do taller, no que asegura ten moito que percorrer.


As feiras son un elemento clave para mover a marca Arela. Todas as tendas nas que está son froito deste tipo de eventos: ben fose en MOA, na Coruña, ou no estranxeiro, como Frankfurt, Bordeos ou Florencia, ás que acudiu baixo

a marca Artesanía de Galicia. "Frankfurt é unha feira profesional, por iso ía con medo, porque é moito máis fácil ir vender que ir expoñer o teu produto onde van outros profesionais, non sabes se encaixará". Pero Fe trouxo de volta clientes e contactos e, malia recoñecer que a conxuntura económica non é moi propicia, si que mantén o nivel de encomendas desde as tendas e está satisfeita.

Entre os seus desexos están que se identifique Arela coa calidade e que se recoñeza polo seu deseño: "que as miñas pezas transmitan algo, en realidade cando mercas unha xoia forma parte de ti, lévala na pel ou regálaslla a alguén que queres". Sinala que entre as persoas que visitan a súa tenda si recoñecen o traballo e o valor do que alí ten exposto, e que non escoita nunca queixarse porque sexan prezos altos, "nunca escatiman nin protestan, eles mesmos danlle valor, saben ao que veñen aquí", conclúe. Mesmo hai xente que só vai curiosarse que hai novo nos escaparates, pero para esta artesá é moi agradable, xa que implica acertar coa selección e xerar interese cos seus produtos.

No tocante á situación da ourivería galega, Fe González destaca a calidade dos xoieiros, pero sinala que queda moito por facer no ámbito do deseño, aínda que hai xente que está apostando decididamente. "A fusión entre o





diseño e o feito á man é o que falta, traballar con deseñadores aínda que non sexan xoieros”, unha experiencia para a que habería un público que o demanda, indica. E sitúa a pelota no propio tellado, “saber ver o tradicional, o feito á man, coa vangarda, é un labor noso, dos artesáns, témonos que abrir a iso, por que non traballar con deseñadores doutros ámbitos que non teñen nada que ver coa xoiaría pero que si che poden achegar cousas?”. Esa é a “arela” de Fe González, o seu forte desexo, unha palabra que quixo que marcasse todas as pezas que saen do seu obradoiro.

Arela de Fe
Rúa Concepción Arenal, 36 baixo
36780 A Guarda
Tel.: 986 610 640 / 669 426 026
info@areladefe.com
www.areladefe.com
Carta de artesá / Carta de artesana nº 3.111
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 633

Pero Fe trajo de vuelta clientes y contactos y, pese a reconocer que la coyuntura económica no es muy propicia, sí que mantiene el nivel de los pedidos desde las tiendas y está satisfecha.

Entre sus deseos están que se identifique Arela con calidad y que se reconozca por su diseño: “que mis piezas transmitan algo, en realidad cuando compras una joya forma parte de ti, la llevas en la piel o se la regalas a alguien que quieres”. Señala que entre las personas que visitan su tienda sí reconocen el trabajo y el valor de lo que allí tiene expuesto, y que no escucha nunca quejarse porque sean precios altos, “nunca escatiman ni protestan, ellos mismos le dan valor, saben a lo que vienen aquí”, concluye. Incluso hay gente que solo va a curiosear qué hay nuevo en los escaparates, pero para esta artesana es muy agradable, ya que implica acertar con la selección y generar interés con sus productos.

En cuanto a la situación de la orfebrería gallega, Fe González destaca la calidad de los joyeros, pero señala que queda mucho por hacer en el ámbito del diseño, aunque hay gente que está apostando decididamente. “La fusión entre el diseño y lo hecho a mano es lo que falta, trabajar con diseñadores aunque no sean joyeros”, una experiencia para la que habría un público que lo demanda, indica. Y sitúa la pelota en su propio tejado, “saber ver lo tradicional, lo hecho a mano, con la vanguardia, es una labor nuestra, de los artesanos, tenemos que abrírnos a eso, ¿por qué no trabajar con diseñadores de otros ámbitos que no tienen nada que ver con la joyería pero si te pueden aportar cosas?”. Esa es la “arela” (anhelo) de Fe González, su fuerte desexo, una palabra que quiso que marcasse todas las piezas que salen de su taller.

“Mis piezas tienen que transmitir algo, cuando compras una joya forma parte de ti, la llevas en la piel o se la regalas a alguien que quieres”





Universo de cor

UNIVERSO DE COLOR

Había unha vez unha Paca cunha peca. A Paca gustábanlle as cores, as bolboretas e era ben coqueta. E Mónica, Emilia e Juan puxéronse a confeccionarlle complementos e bixutería, pero gustoulles tanto que agora xa non se poden dedicar a outra cousa. Poderíamos pensar que a historia deste obradoiro, Paca Peca, é de conto, porque a pesar da súa breve traxectoria as súas coleccións xa deron a volta ao mundo e son habituais de revistas e dos estilismos de televisión. Pero é ben real, resultado de imaxinación e de constancia e, como eles admiten, cada día as súas pezas son máis Paca Peca.

Había una vez una Paca con una peca. A Paca le gustaban los colores, las mariposas y era muy coqueta. Y Mónica, Emilia y Juan se pusieron a confeccionarle complementos y bisutería, pero les gustó tanto que ahora ya no se pueden dedicar a otra cosa. Podríamos pensar que la historia de este taller, Paca Peca, es de cuento, porque a pesar de su breve trayectoria sus colecciones ya han dado la vuelta al mundo y son habituales de revistas y estilismos de televisión. Pero es bien real, resultado de imaginación y de constancia y, como ellos admiten, cada día sus piezas son más Paca Peca.

O obradoiro de Paca Peca atópase na súa época de máxima produción. Despois das feiras de xaneiro e febreiro, chega a hora de lle dar cumprimento aos pedidos recollidos, e todas as mans son poucas para reproducir as pezas que forman as súas coleccións de bixería e complementos. Emilia García, Mónica Moure e Juan Riveira son os tres socios deste taller nacido en 2005 baixo o nome de Paca Peca e, polo tanto, os responsables das súas coloristas e alegres creacións.

“O mercado obriga a reinventarse constantemente. Esa é a parte esixente que ten este traballo, tes que presentar algo novo”

Os tres procedían do sector do comercio, posto que rexentaban un establecemento no que a artesanía, sobre todo a tradicional, ocupaba un lugar destacado. Empezaron fabricando bixería para vender nas súas tendas, pero a demanda foi tal que chegou o momento de dar o salto e independizarse.

“Comezaron os pedidos dende outras tendas, pasóusenos pola cabeza ir a unha feira para comercializar o produto, funcionou e acabamos dedicándonos só a isto, porque compaxinar tenda e taller era unha loucura”, explica Emilia. Ao primeiro dedicáronse fundamentalmente á bixería, recorrendo a materiais pouco habituais daquela e incorporándoos ao metal. Arrincaron co feltro, que agora xa non empregan, e pasaron aos tecidos, que sempre están presentes, mesmo combinados con prata, metacrilato ou resinas. “Desde que empezamos xa fixemos cousas pintadas á man, resinas, tea con moita costura, con aplicacións...”, porque o mercado obrígaos a reinventarse constantemente. “Cada seis meses, esa é a parte esixente que ten este traballo, tes que presentar algo novo, e esa esixencia é a que marca a necesidade. No noso caso temos unha maneira moi libre, moi anárquica de incorporar cousas novas ou materiais”, e malia que o téxtil é un dos máis identificables, nunca se poñen limitacións neste senso.



El taller de Paca Peca se encuentra en su época de máxima producción. Después de las ferias de enero y febrero, llega la hora de dar cumplimiento a los pedidos recogidos, y todas las manos son pocas para reproducir las piezas que forman sus colecciones de bisutería y complementos. Emilia García, Mónica Moure y Juan Riveira son los tres socios de este taller nacido en 2005 bajo el nombre de Paca Peca y, por lo tanto, los responsables de sus coloristas y alegres creaciones. Los tres procedían del sector del comercio, puesto que regentaban un establecimiento en el que la artesanía, sobre todo la tradicional, ocupaba un lugar destacado. Empezaron fabricando bisutería para vender en sus tiendas, pero la demanda fue tal que llegó el momento de dar el salto e independizarse.

“Comenzaron los pedidos desde otras tiendas, se nos pasó por la cabeza ir a una feria para comercializar el producto, funcionó y acabamos dedicándonos sólo a esto, porque compaxinar tienda y taller era una locura”,

En canto á produción, tratan de adaptarse aos ritmos dos mercados de moda. Cada vez os establecementos son máis híbridos, a roupa mestúrase co calzado, cos complementos ou coa bixería, e en Paca Peca non poden estar alleos a esta realidade. "Presentamos en xaneiro/febreiro unha campaña e en agosto/setembro outra, aí imos ás feiras, concéntranse todos os pedidos e témolos que sacar nun mes, mes e medio despois", polo que dedican o resto do ano a reposicións e a pedidos máis pequenos. E cada campaña trae algo completamente novo. "O que conservamos de campañas anteriores cambiámolo un pouco, ou os estampados da tela, as cores da pel... Con algo que é exactamente igual que na campaña anterior non podes ir porque está caducado, aquí todo caduca moi rápido". Aínda que para Emilia, que se ocupa sobre todo da parte de deseño, esta voráxine tamén ten algo moi positivo, xa que "non paras, non perdes o pulo, o ritmo".

Nos seus primeiros pasos, chegaron a traballar tres anos nunha mesma colección, o que implicaba seis campañas distintas, a base de pequenas variacións. Este cambio nos ritmos de produción tamén se trasladou ao deseño, no que Emilia se mostra máis insegura. "Antes se unha colección funcionaba moi ben sabías que tiñas tres ou catro campañas nas que se ía vender. Agora sabes que cada seis meses tes que sacar algo novo e tes a incerteza de que guste ou non. É a parte máis estresante".

explica Emilia. Primeiro se dedicaron fundamentalmente a la bisutería, recurriendo a materiales poco habituales por aquel entonces e incorporándolos al metal. Arrancaron con el fieltro, que ahora ya no emplean, y pasaron a los tejidos, que siempre están presentes incluso combinados con plata, metacrilato o resinas. "Desde que empezamos ya hemos hecho cosas pintadas a mano, resinas, tela con mucho cosido, con aplicaciones..." porque el mercado los obliga a reinventarse constantemente. "Cada seis meses, esa es la parte exigente que tiene este trabajo, tienes que presentar algo nuevo, y esa exigencia es la que marca la necesidad. En nuestro caso tenemos una manera muy libre, muy anárquica de incorporar cosas nuevas o materiales", y pese a que el textil es uno de los más identificables, nunca se ponen limitaciones en este sentido.

En cuanto a la producción, tratan de adaptarse a los ritmos de los mercados de moda. Cada vez los establecimientos son más híbridos, la ropa se mezcla con el calzado, los complementos o la bisutería, y en Paca Peca no pueden estar ajenos a esta realidad. "Presentamos en enero/febrero una campaña y en agosto/septiembre otra, ahí vamos a las ferias, se concentran todos los pedidos y tenemos que sacarlos en un mes, mes y medio más tarde", por lo que dedican el resto del año a reposiciones y a pedidos más pequeños. Y cada campaña trae algo completamente nuevo. "Lo que conservamos de campa-





ñas anteriores lo cambiamos un poco, o los estampados de tela, los colores de la piel... Con algo que es exactamente igual que en la campaña anterior no puedes ir porque está caducado, aquí todo caduca muy rápido". Aunque para Emilia, que se ocupa sobre todo de la parte de diseño, esta vorágine también tiene algo muy positivo, ya que "no paras, no pierdes el empuje, el ritmo."

"El mercado obliga a reinventarse constantemente. Esa es la parte exigente que tiene este trabajo, tienes que presentar algo nuevo"

En sus primeros pasos, llegaron a trabajar tres años en una misma colección, lo que implicaba seis campañas

distintas, a base de pequeñas variaciones. Este cambio en los ritmos de producción también se trasladó al diseño, en el que Emilia se muestra más insegura. "Antes si una colección funcionaba muy bien sabías que tenías tres o cuatro campañas en las que se iba a vender. Ahora sabes que cada seis meses tienes que sacar algo nuevo y tienes la incertidumbre de que guste o no. Es la parte más estresante".



Dando forma

Toda peza de Paca Peca sae do consenso dos tres socios, aínda que o seu deseño dependa especialmente de Emilia: “parece que é unha parte estética perfectamente definida, pero dende unha idea inicial hai que solucionar problemas, pezas que son esteticamente moi bonitas poden ser despois moi laboriosas ou delicadas, e hai que resolvelo tecnicamente”, solucións polas que pelexan os tres compañeiros.

E o material vén sendo un gran condicionante do resultado, segundo as posibilidades que extraían del, probando e pulindo cada prototipo. Máis aínda cando nos seus obxectos o volume e a cor son tan importantes, e tratan de afastarse do que Emilia denomina tendencias ‘extremas’, que están condenadas a desaparecer tan fulminantemente como irrompen no mercado. “Procuramos encher baleiros de mercado que crean as tendencias extremas que caducan ao ano seguinte, intentamos que o noso produto se poida seguir poñendo”, é dicir, crear produtos que sigan estando vixentes co paso do tempo. E iso só se consegue a través de coleccións diferenciadas, de creacións arriesgadas e orixinais, nas que procuran manter a súa identidade. Ao repasar as diferentes coleccións, Emilia avalía a evolución de Paca Peca: “Todo ten o seu momento e tamén vas collendo confianza segundo vas traballando. A evolución non significa que o que fixeches estivese mal,

Dando forma

Toda pieza de Paca Peca sale del consenso de los tres socios, aunque su diseño dependa especialmente de Emilia: “parece que es una parte estética perfectamente definida, pero desde una idea inicial hay que solucionar problemas, piezas que son estéticamente muy bonitas pueden ser después muy laboriosas o delicadas, y hay que resolverlo técnicamente”, soluciones por las que pelean los tres compañeros.

Y el material es un gran condicionante del resultado, según las posibilidades que extraigan de él, probando y puliendo cada prototipo. Más aún cuando en sus objetos el volumen y el color son tan importantes, y tratan de alejarse de lo que Emilia denomina tendencias ‘extremas’, que están condenadas a desaparecer tan fulminantemente como irrumpen en el mercado. “Buscamos llenar vacíos de mercado que crean las tendencias extremas que caducan al año siguiente, intentamos que nuestro producto se pueda seguir poniendo”, es decir, crear productos que sigan estando vigentes con el paso del tiempo. Y eso solo se consigue a través de colecciones diferenciadas, de creaciones arriesgadas y originales, en las que procuran mantener su identidad. Al repasar las diferentes colecciones, Emilia evalúa la evolución de Paca Peca: “Todo tiene su momento y también vas cogiendo confianza según vas trabajando. La evolución no significa que lo que has

imos cambiando e todas esas etapas tamén forman parte de Paca Peca. Creo que o que nos define precisamente son os cambios radicais, que fan posible que dunha campaña a outra sexamos capaces de que se recoñeza o produto e que sexa completamente distinto”.

De Compostela a Xapón

Os artigos de Paca Peca pódense atopar nunha morea de tendas internacionais: desde Francia a Xapón, pasando por Rusia ou os Emiratos Árabes Unidos, clientes que ben fose a través de feiras, de comerciais ou por internet, decidiron que a bixutería galega tiña público tamén no seu país. “Facemos feiras moi específicas de bixutería como Bisutex en Madrid ou Éclat de Mode en Francia, fixemos por primeira vez o Macef en Milán, e imos ir a Pure London en agosto”. Son as citas nas que consideran que o seu traballo encaixa mellor e que, no seu caso, manteñen unha estreita relación coa moda.

Hoy en día, los protagonistas para la fiesta son los tocados, que cada vez exigen más originalidad y diferenciación. “En los de fiesta empleas todos los materiales: trabajas sisal, buntal, crin, etc., que combinas con tules o



**“Ao facelo a propósito
xogas con moita
vantaxe, porque
non é o mesmo que
compres un tocado
ou unha pamela que
pode levar calquera
a que leves un feito
para ti”**

**“Al hacerlo a
propósito juegas
con muchas ventaja,
porque no es lo
mismo que compres
un tocado o una
pamela que puede
llevar cualquiera
a que lleves uno hecho
para ti”**



montaxes como para unha pamela moi grande requiren moito traballo". As máis especiais e espectaculares chéganlle desde Francia ou Alemaña, mentres que conta con provedores habituais en Alacante, Barcelona ou París.

Para estas creacións baséase sobre todo en tendencias de moda, aínda que o maior peso depende dos desexos da clienta. "Eu fago uns modelos, despois vén a xente e dinme con que traxe o van levar. Se son clientas déixanme o

deseño á miña elección, e se non me coñecen pois propoñémoslle que lle apetece". Así, o éxito está asegurado: "ao facelo a propósito, xogas con moita vantaxe, porque non é o mesmo que compres un tocado ou unha pamela que pode levar calquera a que leves un feito para ti".


Unha nova liña que emprendeu Viviana foi Estiloaramar, a través do deseño de turbantes orientados a pacientes que están recibindo quimioterapia, e cos que se ofrece unha alternativa máis cómoda e estética para facer un pouco máis livián este duro momento. "Unha sobriña recibiu *quimio* e non quería perruca, buscamos turbantes e todos eran horribles, non

con plumas", explica. En su taller trabaja plumas naturais, algo "bastante complicado: primeiro hay que conseguirlas, pintalas, etc., y los montajes como para una pamela muy grande requieren mucho trabajo". Las más especiales y espectaculares le llegan desde Francia o Alemania, mientras que cuenta con proveedores habituales en Alicante, Barcelona o París.

Para estas creaciones se basa sobre todo en tendencias de moda, aunque el mayor peso depende de los deseos de la clienta. "Yo hago unos modelos, después viene la gente y me dice con qué traje lo van a llevar. Si son clientas me dejan el diseño a mi elección,

y si no me conocen pues les proponemos qué le apetece". Así, el éxito está asegurado: "al hacerlo a propósito juegas con mucha ventaja, porque no es lo mismo que compres un tocado o una pamela que puede llevar cualquiera a que lleves uno hecho para ti".

Una nueva línea que emprendió Viviana fue Estiloaramar, a través del diseño de turbantes orientados a pacientes que están recibiendo quimioterapia, y con los que se ofrece una alternativa más cómoda y estética para hacer



Anatomía dun sombreiro

Aínda que cada vez xorden deseños máis vangardistas e orixinais, nos que se arrisca con estruturas imposibles, pódense identificar certas partes comúns. Á hora de realizar artesanalmente un chapeu é moi importante telas en conta para que se adapten o mellor posible ao cliente e que ao final este complemento sexa o máis favorecedor posible.

Copa / coroa: porción que cubre a cabeza na súa parte superior.

Á ou bordo: parte máis ampla do sombreiro, unha circunferencia que rodea a copa, habitualmente con consistencia bastante ríxida.

Banda suave: no interior do chapeu, unha cinta que toca directamente coa cabeza. De feito, no caso dos modelos para muller pódese suxeitar mediante uns pasadores que enganchen o pelo e esa cinta, para evitar que se mova.

Cinto: entre a copa e a á, material que lle dá forma ao sombreiro. Adoita empregarse como soporte para elementos decorativos, como plumas, por exemplo.

Viseira: naqueles sombreiros que non levan un bordo todo arredor, pódese empregar unha extensión só na parte frontal.

Anatomía de un sombrero

Aunque cada vez surgen deseños máis vangardistas y originales, en los que se arriesga con estructuras imposibles, se pueden identificar ciertas partes comunes. A la hora de realizar artesanalmente un sombrero es muy importante tenerlas en cuenta para que se adapten lo mejor posible al cliente y que al final este complemento sea lo más favorecedor posible.

Copa / corona: porción que cubre la cabeza en su parte superior.

Ala o borde: parte máis ampla del sombrero, una circunferencia que rodea la copa, habitualmente con consistencia bastante ríxida.

Banda suave: en el interior del sombrero, una cinta que toca directamente con la cabeza. De hecho, en el caso de los modelos para mujer se puede sujetar mediante unos pasadores que enganchen el pelo a esa cinta, para evitar que se mueva.

Cinturón: entre la copa y el ala, material que da forma al sombrero. Suele emplearse como soporte para elementos decorativos, como plumas, por ejemplo.

Visera: en aquellos sombreros que no llevan un borde todo alrededor, se puede emplear una extensión sólo en la parte frontal.



atopabamos nada. Entón fíxenlle eu un, despois xa foi preguntando máis xente, decidín sacar unha liña para *quimio*, e funciona". De feito, unha das súas principais liñas de distribución é internet, que lle permite recibir pedidos desde Estados Unidos, Colombia, Brasil ou Romanía.

Ademais, hai xa varios establecementos en España que os comercializan. "Normalmente quen compra un adoita comprar máis, porque a perruca é insufrible, failles feridas, e como o gorro é tan cómodo, se o proban despois non volven querer a perruca", conclúe. A vantaxe do turbante artesán non é unicamente o deseño, senón as calidades do acabado: adáptase mellor ao contorno da cabeza, co que queda sempre perfectamente axustado, e vai forrado en algodón sen costuras, polo que resulta máis cómodo e suave.

un poco máis llevadero este duro momento. "Una sobrina recibió *quimio* y no quería peluca, buscamos turbantes y todos eran horribles, no encontrábamos nada. Entonces le hice yo uno, después ya fue preguntando más gente y decidí sacar una línea para *quimio*, y funciona". De hecho, una de sus principales líneas de distribución es internet, que le permite recibir pedidos desde Estados Unidos, Colombia, Brasil o Rumanía.

Además, hay ya varios establecimientos en España que los comercializan. "Normalmente quien compra uno suele comprar más, porque la peluca es insufrible, les hace heridas, y como el gorro es tan cómodo, si lo prueban después no vuelven a querer la peluca", concluye. La ventaja del turbante artesano no es únicamente el diseño, sino las calidades del acabado: se adapta mejor al contorno de la cabeza, con lo que queda siempre perfectamente ajustado, y va forrado en algodón sin costuras, por lo que resulta más cómodo y suave.



○ **Viviana Araújo Martínez**
R/Cantón Fraguas, Local 5
Pontevedra, 36001
Tel.: 986 854 588 / 619 465 327
www.estiloaramar.com
aramarvi@gmail.com
Carta de artesá / Carta de artesana nº 3.486
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 760

Dando forma

O pelo de coello é un dos materiais tradicionais na fabricación de sombreiros, que agora se mestura con propostas moito máis actuais. Desde o seu estado orixinal require unha serie de procesos para preparar o material para o seu uso final, co que se obtén un feltro consistente e compacto, que despois tamén se pode tinguir. Unha vez que a pel está tratada comeza o modelado, para o que se empregan formas, xeralmente de madeira, aínda que cada vez o plástico ten máis presenza. Sobre esa mesma forma, cando a pel xa ten o apresto requirido, dáselle o corpo que terá a copa, para o que se emprega unha prancha. Realízase o mesmo proceso coa á, fóra da forma, dándolle o acabado final. Despois, se o require, pódese coser o forro, a banda suave ou o cinto, e finalmente, procédese á súa decoración, onde a creatividade colle o papel protagonista.

Para conservalos durante o verán, o mellor é protexelos da luz nunha caixa adecuada e enchelos con papel. Se levan plumas, o mellor é conservalas cunhas follas de loureiro, que dan bo olor e protéxenas das couzas. Para coidalos convén tamén darlle un cepillado como se se tratase de ante, sempre no sentido do pelo.



Dando forma

El pelo de conejo es uno de los materiales tradicionales en la fabricación de sombreros, que ahora se mezcla con propuestas mucho más actuales. Desde su estado original requiere una serie de procesos para preparar el material para su uso final, obteniendo un fieltro consistente y compacto, que después también se puede teñir. Una vez que la piel está tratada comienza el modelado, para el cual se emplean hormas, generalmente de madera, aunque cada vez el plástico tiene más presencia. Sobre esa misma forma, cuando la piel ya tiene el apresto requerido, se le da el cuerpo que tendrá la copa, para lo que se emplea una plancha. Se realiza el mismo proceso con el ala, fuera de la horma, dándole el acabado final. Después, si lo requiere, puede cosérsele el forro, la banda suave o el cinturón, y finalmente, se procede a su decoración, donde la creatividad coge el papel protagonista.

Para conservarlos durante el verano, lo mejor es protegerlos de la luz en una caja adecuada y llenarlos con papel. Si llevan plumas, lo mejor es conservarlas con unas hojas de laurel, que dan buen olor y las protegen de las polillas. Para cuidarlos, conviene también darle un cepillado como si se tratara de ante, siempre en el sentido del pelo.





Música nos dedos

MÚSICA EN LOS DEDOS

Unha calidade dun bo músico é coñecer ben o instrumento. No caso de Xosé Lois Mouriño tanto foi así que o seu oficio rematou por ser a súa construción. Desde hai máis de vinte e cinco anos ten a súa tenda-obradoiro A Grileira en Sar, un dos barrios máis emblemáticos de Santiago de Compostela. Alí dedica os días a fabricar o que lle gusta, gaitas, que adapta ás necesidades de cada cliente. E aínda que cambiase a pel de cabuxo por Gore-Tex, a esencia segue a ser a mesma: que cada nota soe o mellor posible.

Una cualidad de un buen músico es conocer bien el instrumento. En el caso de Xosé Lois Mouriño tanto fue así que su oficio terminó por ser su construcción. Desde hace más de veinticinco años tiene su tienda-taller A Grileira en Sar, uno de los barrios más emblemáticos de Santiago de Compostela. Allí dedica los días a fabricar lo que le gusta, gaitas, que adapta a las necesidades de cada cliente. Y aunque cambiase la piel de cabrito por Gore-Tex, la esencia sigue siendo la misma: que cada nota suene lo mejor posible.

Van vinte e cinco anos desde que Mouriño probara a abrir un obradoiro de construción de gaitas en Santiago de Compostela e, desde aquela, non houbo un día que faltase traballo. Que llo pregunten a quen chegou a agardar dous anos pola súa encarga, debido á morea de pedidos que acumulou durante a etapa dourada das agrupacións de música tradicional galega, un *boom* que se deu alá polos anos noventa e durante o cal moitos rapaces se achegaron a este instrumento que goza a día de hoxe de excelente saúde.

Hoxe o período de espera xa baixou bastante, só hai que agardar uns catro meses por unha gaita feita á medida. É ben sabido entre os músicos profesionais que un instrumento profesional é a base para un óptimo desenvolvemento artístico. E entre os nomes dos mestres artesáns gaiteiros, un habitual é Mouriño. O buxo autóctono ou as madeiras tropicais coma o cocobolo ou o granadillo son as materias primas das que parte. De feito, o propio artesán é quen se ocupa de principio a fin do tratamento do buxo, a única madeira galega que se emprega: unha vez cortada almacena a madeira durante dez anos para o seu secado, para ser taqueada despois.

“Normalmente os compradores déixanse aconsellar bastante polo artesán, aínda que tamén hai xente que ten bastante experiencia e encarga madeira de granadillo sobre todo, que é a mellor madeira que hai polo seu son e pola súa densidade”.

“Deixou de ser o gaiteiro ese personaxe esquecido e desprezado para elevar a súa figura e estar hoxe máis dignificada, e iso levou a que moita xente se puxese a tocar a gaita”

A gaita, paso a paso

Coa madeira taqueada, sexa cal sexa a que se empregue, o proceso é sempre o mesmo. O taco convértese nun cilindro, que a continuación se perfora por dentro e ao que se lle dá un primeiro torneado. Unha vez que está semitorneada, anélase, engádenselle anelas de prata, e dáselle o torneado final. O traballo de Mouriño céntrase na recuperación dos deseños do torneado tradicional, aínda que sempre se ten en conta o criterio do gaiteiro. Unha vez que as distintas pezas da gaita están preparadas, pásase ao fol. Nel colócanse as buxas, onde se engarzan as distintas pezas da gaita, cunha goma ben apertada para que non haxa ningún escape do aire. E chega o momento do vestido ou funda, coa tea que escolle o propio músico, onde se introduce o fol, entón móntanse o resto dos elementos, ensamblados mediante cortizas. Daquela, só falta decorala con flocos e farrapos, e afinala, para poder comezar a tocar.



La gaita, paso a paso

Con la madera taqueada, sea cual sea la que se emplee, el proceso es siempre el mismo. El taco se convierte en un cilindro, que a continuación se perfora por dentro y al que se da un primer torneado. Una vez que está semitorneada, se anilla, se le añaden anillas de plata, y se le da el torneado final. El trabajo de Mouriño se centra en la recuperación de los diseños del torneado tradicional, aunque siempre se tiene en cuenta el criterio del gaitero. Una vez que las distintas piezas de la gaita están preparadas, se pasa al fuelle. En él se colocan los bujes, donde se engarzan las distintas piezas de la gaita, con una goma bien apretada para que no haya ningún escape del aire. Y llega el momento del vestido o funda, con la tela que escoge el propio músico, donde se introduce el fuelle, entonces se montan el resto de los elementos, ensamblados mediante corchos. Después, sólo falta decorarla con flecos y harapos, y afinarla, para poder comenzar a tocar.

Mais o artesán recoñece que este tipo de madeira é tamén a que máis traballo lle dá, pois a súa dureza esixe andar a afiar decofío as gubias que se cegan. Os materiais que enchen o obradoiro de Mouriño tamén foron cambiando co paso dos anos. Hoxe a pel de cabuxo coa que se confeccionaban os foles queda para os máis puristas, e no seu lugar triunfan tecidos sintéticos como o Gore-Tex ou o Sympa-Tex, que non precisan de coidados.

Foi co artesán Sito Carracedo co que Mouriño comezou a interesarse pola construción de instrumentos. “Con el a amizade é de gaitero”, explica, “fun gaitero antes ca artesán e coñecino nunha viaxe que fixemos xuntos. Propúxome traballar con el no seu taller e fun ver que era esa aventura da construción de gaitas”. Dous anos estivo con Carracedo, e entón foi cando decidiu independizarse e montar o taller en Compostela no que desde hai vinte e cinco anos traballa el só. “Cando me metín neste mundo non contaba para nada botar tantos anos nisto, pensei que era máis unha aventura a curto prazo, pero agora xa levo vinte e cinco anos e é posible que xa me xubile facendo isto”, reflexiona.

“Ha dejado de ser el gaitero ese personaje olvidado y despreciado para elevar su figura y estar hoy más dignificada, y eso ha llevado a que mucha gente se haya puesto a tocar la gaita”

Ao igual que non contaba botar tanto tempo, tampouco pensaba que acadar o éxito no sentido en que o conseguiu. “Eu era gaitero, en Santiago eramos catro ou cinco e en Galicia había gaiteros, aínda que non chegara o *boom* que veu hai quince anos. As parroquias empezaron a montar grupos e a encargar gaitas, o fenómeno Milladoiro, Luar na Lubre, fixo moitísimo por que a gaita tivese máis éxito”. Fala Lois Mouriño de dignificación deste instrumento: “deixou de ser a figura do gaitero ese personaxe esquecido e despreciado para elevar a súa figura e estar hoxe máis dignificada, e iso levou a que moita xente se puxese a tocar a gaita”. Tamén menciona unha compoñente identitaria, xa que recoñece que hai xente que chegou ao seu taller buscando “o instrumento propio de Galicia”,

Van veinticinco años desde que Mouriño probara a abrir un taller de construción de gaitas en Santiago de Compostela y, desde entonces, no ha habido un día que faltara trabajo. Que se lo pregunten a quien llegó a esperar dos años por su encargo, debido a la cantidad de pedidos que acumuló durante la etapa dorada de las agrupaciones de música tradicional gallega, un *boom* que se dio allá por los años noventa y durante el cual muchos chicos se acercaron a este instrumento que disfruta a día de hoy de excelente salud.

Hoy el período de espera ya ha bajado bastante, sólo hay que esperar unos cuatro meses por una gaita hecha a medida. Es bien sabido entre los músicos profesionales que un instrumento profesional es la base para un óptimo desarrollo artístico. Y entre los nombres de los maestros artesanos gaiteros, uno habitual es Mouriño. El boj autóctono o las maderas tropicales como el cocobolo o el granadillo son las materias primas de las que parte. De hecho, el propio artesano es quien se ocupa de principio a fin del tratamiento del boj, la única madera gallega que se emplea: una vez cortada almacena la madera durante diez años para su secado, para ser taqueada después.

“Normalmente los compradores se dejan aconsejar bastante por el artesano, aunque también hay gente que tiene bastante experiencia y encarga madera de granadillo sobre todo, que es la mejor madera que hay por su sonido y por su densidad”. Pero el artesano reconoce que este tipo de madera es también la que más trabajo le da, pues su dureza





exige afilar a menudo las gubias que se ciegan. Los materiales que llenan el taller de Mouriño también han ido cambiando con el paso de los años. Hoy la piel de cabrito con la que se confeccionaban los fuelles queda para los más puristas, y en su lugar triunfan tejidos sintéticos como el Gore-Tex o el Sympa-Tex, que no precisan de cuidados.

Fue con el artesano Sito Carracedo con el que Mouriño comenzó a interesarse por la construcción de instrumentos. “Con él la amistad es de gaitero”, explica, “fui gaitero antes que artesano y lo conocí en un viaje que hicimos juntos. Me propuso trabajar con él en su taller y fui a ver qué era esa aventura de la construcción de gaitas”. Dos años estuvo con Carracedo, y entonces fue cuando decidió independizarse y montar el taller en Compostela en el que desde hace veinticinco años trabaja él solo. “Cuando me metí en este mundo no contaba para nada con echar tantos años en esto, pensé que era más una aventura a corto plazo, pero ahora ya llevo veinticinco años y es posible que ya me jubile haciendo esto”, reflexiona.

Al igual que no contaba con estar tanto tiempo, tampoco pensaba en conseguir el éxito en el sentido en que lo consiguió. “Yo era gaitero, en Santiago éramos cuatro o cinco y en Galicia había gaiteros, aunque no había llegado el *boom* que vino hace quince años. Las parroquias empezaron a montar grupos y a encargar gaitas, el fenómeno Milladoiro, Luar na Lubre, hizo mucho para que la

gaita tuviera más éxito”. Habla Lois Mouriño de dignificación de este instrumento: “ha dejado de ser el gaitero ese personaje olvidado y despreciado para elevar su figura y estar hoy más dignificada, y eso ha llevado a que mucha gente se haya puesto a tocar la gaita”. También menciona una componente identitaria, ya que reconoce que hay gente que llegó a su taller buscando “el instrumento propio de Galicia”, porque aunque hay gaitas en otras zonas del mundo, la gallega tiene unas ciertas particularidades.

También construye otros instrumentos de viento tradicionales, como son la requinta, recuperada en el último lustro, la flauta travesera y el pito gallego. Este último se empleaba para el aprendizaje de la gaita, es una especie de flauta que hoy en día suelen tocar los músicos porque tiene una afinación peculiar, más próxima a la de la gaita. “Hace tiempo, cuando empecé a trabajar también hice percusión, pero tuve que dejarlo por la gran demanda que tenía el tema de las gaitas, ahora me dedico exclusivamente a este tipo de instrumentos de viento”.


Este oficio también le permitió vivir cerca de su pasión como artista, “el músico nunca para, cuando se está con el vicio de la música, siempre, si no es en un sitio es en otro, pero siempre que puedo toco la gaita”. Y aunque comenzó en esto como aventura, no lamenta en absoluto haber escogido esta opción: “mi vida siempre fue bohemia y me gusta trabajar a mi aire”.

porque aínda que hai gaitas noutras zonas do mundo, a galega ten unhas certas particularidades.

Tamén constrúe outros instrumentos de vento tradicionais, como son a requinta, recuperada no último lustro, a frauta traveseira e o pito galego. Este último empregábase para a aprendizaxe da gaita, é unha especie de frauta que hoxe en día adoitan tocala os músicos porque ten unha afinación peculiar, máis próxima á da gaita. “En tempos, cando comecei a traballar tamén fixen percusión, pero fiven que deixalo pola gran demanda que tiña o tema das gaitas, agora dedícome exclusivamente a este tipo de instrumentos de vento”.

Este oficio tamén lle permitiu vivir preto da súa paixón como artista, “o músico nunca para, cando se está co vicio da música, sempre, se non é nun sitio é noutro, pero sempre que podo toco a gaita”. E aínda que comezase nisto como aventura, non lamenta en absoluto ter escollido esta opción: “a miña vida sempre foi bohemia e gústame traballar ao meu aire”.

○ **Xosé Lois Mouriño**
Rúa de Sar, 16 baixo
15702, Santiago de Compostela
Tel.: 981 566 232
lmourinho@telefonica.net
Carta de artesan / Carta de artesano nº 349
Obradoiro artesan / Taller artesano nº 74







Escaparate de vanguardia

ESCAPARATE DE VANGUARDIA

“Temos unha relación estupenda tanto cos artesáns coma cos clientes”

A artesanía vólvese protagonista en Alfar, un comercio de Vigo rexentado por Montse e Eduardo, onde se selecciona e mima cada peza que entra no establecemento. A cerámica, o produto co que abriron a tenda, foille cedendo espazo ás xoias, á bixería e a outros complementos, feitos á man. Cada peza está xustificada, ten un contexto, unha historia detrás que eles coñecen á perfección e que lle transmiten aos seus clientes, que chegan buscando ese obxecto único, especial e diferente.

“Tenemos una relación estupenda tanto con los artesanos como con los clientes”

La artesanía se vuelve protagonista en Alfar, un comercio de Vigo regentado por Montse y Eduardo, donde se selecciona y mima a cada pieza que entra en el establecimiento. La cerámica, el producto con el que abrieron la tienda, fue cediéndole espacio a las joyas, a la bisutería y a otros complementos, hechos a mano. Cada pieza está justificada, tiene un contexto, una historia detrás que ellos conocen a la perfección y que le transmiten a sus clientes, que llegan buscando ese objeto único, especial y diferente.





“Quero que a xente valore a peza non porque sexa dunha marca ou porque teñan moita publicidade, senón polo traballo en si da persoa”



O contacto cos oleiros galegos foi o que impulsou a Montse Sánchez Mazas a abrir a súa tenda en Vigo. Estudara restauración de materiais arqueolóxicos, e de aí descubriu unha verdadeira paixón pola cerámica que a levou a percorrer Galicia para coñecer de primeira man a produción autóctona. “Realmente a viaxe é alucinante, polos distintos fornos que hai en cada sitio, o tipo de terra, as formas das pezas segundo os usos, as cores...”, todo un mundo que calou tamén en Eduardo, con quen compartiu a viaxe en caravana por España descubriendo olerías. Xuntos abriron hai trece anos esta tenda, Alfar, un establecemento moi vivo que foi mudando co paso do tempo.

Así, se daquela a olería e a cerámica dominaban o espazo, hoxe gañou terreo a creación contemporánea, cunha interesante selección de complementos, bixutería e xoiería artesá, así como cerámica de vangarda.

Percorrer esta tenda é tomarlle o pulso ao feito á man, palpando as pezas dos creadores máis punteiros e innovadores de Galicia, así como doutros puntos do mundo, como Polonia ou Arxentina. “Como o da xoiería era un mundo descoñecido para os dous, comezamos a ir a feiras de artesanía, desde as máis pequenas ata outras internacionais”, e a través duns artesáns púñanse en contacto cos outros. Montse sinala que con diferenza, onde máis calidade atopan é en Galicia e en Cataluña, algo co que coincide Eduardo: “cando vas a unha feira sempre cadra

El contacto con los alfareros gallegos fue lo que impulsó a Montse Sánchez Mazas a abrir su tienda en Vigo. Había estudiado restauración de materiales arqueológicos, y de ahí descubrió una verdadera pasión por la cerámica que la llevó a recorrer Galicia para conocer de primera mano la producción autóctona. “Realmente el viaje es alucinante, por los distintos hornos que hay en cada sitio, el tipo de tierra, las formas de las piezas según los usos, los colores...” todo un mundo que caló también en Eduardo, con quien compartió el viaje en caravana por España descubriendo alfarerías. Juntos abrieron hace trece años esta tienda, Alfar, un establecimiento muy vivo que ha ido cambiando con el paso del tiempo.

Así, si entonces la alfarería y la cerámica dominaban el espacio, hoy ha ganado terreno la creación contemporánea, con una interesante selección de complementos, bisutería y joyería artesana, así como cerámica de vanguardia.

Recorrer esta tienda es tomarle el pulso a lo hecho a mano, palpando las piezas de los creadores más punteros e innovadores de Galicia, así como de otros puntos del mundo, como Polonia o Arxentina. “Como el de la joyería era un mundo desconocido para los dos, comenzamos a ir a ferias de artesanía, desde las más pequeñas hasta otras internacionales”, y a través de unos artesanos se ponían en contacto con los otros. Montse señala que con diferencia, donde más calidad encuentran es en Galicia y

que o que che gusta é do norte". "Teñen máis conciencia da importancia do deseño", apunta Montse.

Unha vez que o produto entra na tenda ten garantida a exposición do xeito máis coidado posible. Na última renovación do establecemento incorporaron unha serie de vitrinas individuais nas que as pezas expostas contan cun espazo privilexiado, onde se pon en valor o traballo do creador e se inclúe un breve resumo. Unha mostra do mimo e coidado que poñen en Alfar cos seus artesáns. "Quero que a xente valore a peza –explica Montse–, non porque sexa de tal marca ou porque teñan moita publicidade, senón polo traballo en si da persoa, encántame que a xente recoñeza os artesáns pola súa obra". E reivindica a creatividade, que é o que os seus clientes van buscar á tenda, "que algo sexa diferente, que non repita", sinala.

Man á man

E a relación cos artesáns non pode ser doutro xeito que excelente. Eles mesmos contribúen con ideas e con outros creadores que coñecen en feiras ou viaxes. "Por exemplo, Marta Armada tróuxonos agora cantidade de información e de contactos de París", sinala Eduardo, mentres que Montse subliña o positivo desa dinámica: "é todo colaboración, hai moi bo ambiente, ninguén se pisa, ninguén quere ser máis ca o outro, temos unha relación estupenda tanto cos artesáns coma cos clientes".

Cataluña, algo con lo que coincide Eduardo: "cuando vas a una feria siempre resulta que el que te gusta es del norte". "Tienen más conciencia de la importancia del diseño", apunta Montse.

Una vez que el producto entra en la tienda tiene garantizada la exposición de la manera más cuidada posible. En la última renovación del establecimiento incorporaron una serie de vitrinas individuales en las que las piezas expuestas cuentan con un espacio privilegiado, donde se pone en valor el trabajo del creador y se incluye un breve resumen. Una muestra del mimo y cuidado que ponen en Alfar con sus artesanos. "Quiero que la gente valore la pieza –expli-

Todo son proxectos para continuar mellorando Alfar xa que, como admite Montse, están en "continuo cambio". "Quero escoller un pouco máis as pezas, facer unha selección máis coidada de pezas de artesanía e deseño. Gústame traballar con autores que empregan todo tipo de materiais: papel, resina, tea, arame... doulle máis importancia ao deseño que ao feito de que sexa un material nobre, o primeiro é o deseño". Neste sentido, chámalle particularmente a atención que un material se empregue en algo para o que non está previamente deseñado. "Algunhas das nosas pezas son atemporais, pódelas poñer enriba da mesa, coma se fosen pequenas esculturas", explica Montse. O que teñen en común os obxectos que están en Alfar é que interesaron a Montse e a Eduardo, algo clave para poder vendelos con honestidade. "No momento en que a ti che gustan pódesho transmitir á xente", explicándolle a orixe, a técnica que emprega o artesán, en definitiva, contextualizando o obxecto e dándolle toda esa bagaxe que ten detrás.

Ambos os dous están levando á práctica a súa paixón polo feito á man. No caso de Montse, está comezando a deseñar xoias con resina, reproducindo fotografías. "Comecei con pezas que quedaban na tenda, desmontándoas e transformándoas e agora montei un pequeno taller na casa", un proxecto co que está moi ilusionada e ao que lle dedica todo o seu tempo e esforzo, xa que compaxinar

ca Montse–, no porque sea de tal marca o porque tenga mucha publicidad, sino por el trabajo en sí de la persona, me encanta que la gente reconozca a los artesanos por su obra". Y reivindica la creatividad, que es lo que sus clientes van a buscar a la tienda, "que algo sea diferente, que no repita", señala.


Mano a mano

Y la relación con los artesanos no puede ser de otra manera que excelente. Ellos mismos contribuyen con ideas y otros creadores que conocen en ferias o viajes. "Por ejemplo, Marta Armada nos trajo ahora cantidad de información y de contactos de París",

"Quiero que la gente valore la pieza no porque sea de una marca o porque tenga mucha publicidad, sino por el trabajo en sí de la persona"



“Doulle máis importancia ao deseño que ao feito de que sexa un material nobre, o primeiro é o deseño”



a tenda cun obradoiro non é tarefa fácil. Eduardo, pola súa parte, quedou tan marcado pola viaxe descubrindo a olería que estudou cerámica cinco anos na Escola de Artes e Oficios, e hoxe compaxina a tenda cun obradoiro, *Espacio Cerámico*, que comparte con outros novos ceramistas, onde elaboran pezas de cerámica contemporánea.

Pouco a pouco, a olería vai reducindo a súa presenza na tenda xa que, como recoñece Montse, “a cerámica tradicional gústanos moito pero ten un mercado limitado”, e lamenta que tamén os propios talleres vaian desaparecendo. Malia todo, estas pezas terán sempre un oco no seu establecemento, coexistindo cos obxectos máis vangardistas cos que tamén comparten unha característica fundamental: a man sabedora do oficio.

Alfar
Rúa Hernán Cortés, 4
Vigo
Tel. 986 434 806
alfarvigo@yahoo.es

señala Eduardo, mentras que Montse subraya lo positivo de esa dinámica: “es todo colaboración, hay muy buen ambiente, nadie se pisa, nadie quiere ser más que el otro, tenemos una relación estupenda tanto con los artesanos como con los clientes”.

Todo son proyectos para continuar mejorando Alfar ya que, como admite Montse, están en “continuo cambio”. “Quiero escoger un poco más las piezas, hacer una selección más cuidada de piezas de artesanía y diseño. Me gusta trabajar con autores que emplean todo tipo de materiales: papel, resina, tela, alambre... le doy más importancia al diseño que al hecho de que sea un material noble, lo primero es el diseño”. En este sentido, le llama particularmente la atención que un material se emplee en algo para lo que no se había diseñado previamente”. “Algunas de nuestras piezas son atemporales, las puedes poner encima de la mesa, como si fuesen pequeñas esculturas”, explica Montse. Lo que tienen en común los objetos que están en Alfar es que interesaron a Montse y Eduardo, algo clave para poder venderlos con honestidad. “En el momento en el que a ti te gustan se lo puedes transmitir a la gente”, explicando el origen, la técnica que emplea el artesano, en definitiva, contextualizando el objeto y dándole todo ese bagaje que tiene detrás.

Ambos están llevando a la práctica su pasión por lo hecho a mano. En el caso de Montse, está comenzando a dise-

ñar joyas con resina, reproduciendo fotografías. “Comencé con piezas que quedaban en la tienda, desmontándolas y transformándolas y ahora he montado un pequeño taller en casa”, un proyecto con el que está muy ilusionada y al que dedica todo su tiempo y esfuerzo, ya que compaginar la tienda con un taller no es tarea fácil. Eduardo, por su parte, quedó tan marcado por el viaje descubriendo la alfarería que estudió cerámica cinco años en la Escuela de Artes y Oficios, y hoy compagina la tienda con un taller, *Espacio Cerámico*, que comparte con otros nuevos ceramistas, donde elaboran piezas de cerámica contemporánea.

Poco a poco, la alfarería va reduciendo su presencia en la tienda ya que, como reconoce Montse, “la cerámica tradicional nos gusta mucho pero tiene un mercado muy limitado”, y lamenta que también los propios talleres vayan desapareciendo. Pese a todo, estas piezas tendrán siempre un hueco en su establecimiento, coexistiendo con los objetos más vanguardistas con los que también comparten una característica fundamental: la mano conocedora del oficio.

“Le doy más importancia al diseño que al hecho de que sea un material noble, lo primero es el diseño”

Arco da vella en pel

ARCOIRIS EN PIEL

Chegar a desenvolver un produto moi diferenciado nun campo con tantos profesionais como é o do coiro non é nada fácil. Isto é o que sucede cos produtos do obradoiro Santín Cuero que, tras vinte anos de traballo, poden presumir de terse feito un espazo propio no mercado. Complementos, regalos de empresa, bixutería... o amplo abano de creacións de Santín quere sentar as bases dun obxecto ben deseñado, de calidade e acorde coas tendencias.

Llegar a desenvolver un produto muy diferenciado en un campo con tantos profesionales como es el del cuero no es nada fácil. Esto es lo que sucede con los productos del taller Santín Cuero que, tras veinte años de trabajo, pueden presumir de haberse hecho un espacio propio en el mercado. Complementos, regalos de empresa, bisutería... el amplio abanico de creaciones de Santín quiere sentar las bases de un objeto bien diseñado, de calidad y acorde con las tendencias.



“O maior patrimonio que ten un artesán é que o seu produto se identifique”, explica Luís Santín, responsable, xunto con Teresa Martínez, do obradoiro Santín Cuero. E están orgullosos de telo conseguido. Hai vinte anos que traballan xuntos realizando todo tipo de obxectos en coiro e que foron estruturando nun catálogo que hoxe conta con 180 pezas. Así, elaboran bolsos, cintos, carteiras, bixería, obxectos de decoración, xogos de mesa, agasallos de empresa e outros produtos en coiro, nos que a cor é unha das características máis significativas e que empregan dende hai xa cinco anos.

Aínda que foi unha iniciativa innovadora daquela, defenden que tivo unha excelente aceptación por parte do público. “Procuramos estar en liña co mercado”, apunta Luís e subliña que o dominio do oficio é a “pedra angular” na artesanía. “Buscamos ofrecer calidade, bos traballos e sempre en combinación coas tendencias”, indica, ao tempo que rexeita o arquetipo do artesán afastado do mundo. En efecto, sinala que para poder ofrecer obxectos de calidade é preciso conxugar o oficio con outros factores, como “asistir ás feiras e ver outros produtos”, para poder conseguir “un cóctel de ideas e de sensacións” que sempre actúan en favor da creatividade.

Tamén se lle traslada ao obxecto o estilo de vida artesán. Santín xustifica a necesidade do artesán de crear: “Os artesáns temos unha calidade de vida alta, temos liberdade, e

“El mayor patrimonio que tiene un artesano es que su producto se identifique”, explica Luís Santín, responsable, junto con Teresa Martínez, del taller Santín Cuero. Y están orgullosos de haberlo conseguido. Hace veinte años que trabajan juntos realizando todo tipo de objetos en cuero y que fueron estructurando en un catálogo que hoy cuenta con 180 piezas. Así, elaboran bolsos, cinturones, carteras, bisutería, objetos de decoración, juegos de mesa, regalos de empresa y otros productos en cuero, en los que el color es una de las características más significativas y que emplean desde hace ya cinco años.

Aunque fue una iniciativa innovadora por aquel entonces, defienden que tuvo una excelente aceptación por parte del público. “Procuramos estar en línea con el mercado”, apunta Luís y subraya que el dominio del oficio es la “pedra angular” en la artesanía. “Buscamos ofrecer calidad, buenos trabajos y siempre en combinación con las tendencias”, indica, al tiempo que rechaza el arquetipo del artesano alejado del mundo. En efecto, señala que para poder ofrecer objetos de calidad es preciso conxugar el oficio con otros factores, como “asistir a las ferias y ver otros productos”, para poder conseguir “un cóctel de ideas y sensaciones” que siempre actúan en favor de la creatividad.



isto ten moito que ver co produto, tes ese contacto, inquietudes, a necesidade de facer cousas creativas, de ver, e logo son importantes as sensacións e as intuicións". E engade: "Cando hai algo en ti, algo distinto, é un patrimonio que non se consegue máis que coa constancia e co oficio. Aí é cando te das de conta de que as túas pezas teñen alma". Os produtos trasladan a sensibilidade do seu autor grazas a "un fío condutor no seu deseño".

"Aí reside a posibilidade de manterse e perpetuarse, de ser capaces de facer cousas que non teñan nada que ver coas producións masivas nin con importacións"

A necesidade de desvincularse da produción industrial baséase tamén nisto, en asumir que como pequenos talleres teñen que actuar de forma diferente. "Aí reside a posibilidade de manterse e perpetuarse, de ser capaces de facer cousas que non teñan nada que ver coas producións masivas nin con importacións". E fronte a coyunturas económicas complicadas como a actual, a artesanía convértese tamén nunha oportunidade. Así e todo, segundo explica o artesán, o sector no que Santín Cuero se move non se viu tan afectado pola crise, dado que na moda e nos complementos "segue a haber rotacións de mercado", mentres que outros sectores teñen que "reinventarse para poder competir". E así conciben tamén a súa produción, xa que se adaptan á demanda de xeito flexible.

"Nós temos que basearnos en que o noso produto sexa distinto, e a iso hai que poñerlle un acento moi claro, é necesario crear unha mensaxe de que hai algo distinto". Aínda que o ideal é non ter que "publicitalo nin discursalo", senón que a calidade do propio produto se transmita no obxecto en si, "a simple vista". Segundo Luís Santín, aí é cando se chega ao punto óptimo, como resultado de todo un proceso: "cando un obxecto se pensa, se diseña, despois faise o prototipo e tempos certas percepcións do éxito dese produto". Para os dous artesáns que forman Santín Cuero, pensar en competir en cantidade ou en prezo coas producións industriais "está máis que superado", e insisten en que a clave é "que o produto teña unha alma propia".



También se traslada al objeto el estilo de vida artesano. Santín justifica la necesidad del artesano de crear. "Los artesanos tenemos una calidad de vida alta, tenemos libertad, y eso tiene mucho que ver con el producto, tienes ese contacto, inquietudes, la necesidad de hacer cosas creativas, de ver, y después son importantes las sensaciones y las intuiciones". Y añade: "Cuando hay algo en ti, algo distinto, es un patrimonio que no se consigue más que con la constancia y el oficio. Ahí es cuando te das cuenta de que tus piezas tienen alma". Los productos trasladan la sensibilidad de su autor gracias a "un hilo conductor en su diseño".

La necesidad de desvincularse de la producción industrial se basa también en esto, en asumir que como pequeños talleres tienen que actuar de forma diferente. "Ahí reside la posibilidad de mantenerse y perpetuarse, de ser capaces de hacer cosas que no tengan nada que ver con las producciones masivas ni con las importaciones". Y frente a coyunturas económicas complicadas como la actual, la artesanía se convierte también en una oportunidad. Aún así, según explica al artesano, el sector en el que Santín Cuero se mueve no se ha visto tan afectado por la crisis, dado que en la moda y en los complementos "sigue habiendo rotaciones de mercado",



mientras que otros sectores tienen que “reinventarse para poder competir”. Y así conciben también su producción, ya que se adaptan a la demanda de manera flexible.

“Nosotros tenemos que basarnos en que nuestro producto sea distinto, y a eso hay que ponerle un acento muy claro, es necesario crear un mensaje de que hay algo distinto”. Aunque lo ideal es no tener que “publicitarlo ni discursarlo”, sino que la calidad del propio producto se transmita con el objeto en sí, “a simple vista”. Según Luís Santín, ahí es cuando se llega al punto óptimo, como resultado de todo un proceso: “cuando un objeto se piensa, se diseña, después se hace el prototipo y tenemos ciertas percepciones del éxito de ese producto”. Para los dos artesanos que forman Santín Cuero, pensar en competir en cantidad o en precio con las producciones industriales “está más que superado”, e insisten en que la clave es “que el producto tenga un alma propia”.

Aún así, Santín indica que es necesario simplificar para ser más competitivos y no convertirse en “esclavos del oficio”, y prestar más atención a aquello en lo que la técni-

ca puede echar una mano. “En los talleres tenemos que simplificar todo lo que no sea importante en los objetos o en las piezas, como la diferencia entre cortar con una troqueladora o cortar a mano. Si hay oficio detrás, un profesional puede cortar una pieza tan bien como la que se corta en un troquel, pero es que el objeto no se define por sacrificar esa parte”, asegura, pero sin que le nieguen nunca los objetos “lo que necesitan para tener ese valor”, y exige ética y honestidad por parte de los artesanos.

“Ahí reside la posibilidad de mantenerse y perpetuarse, de ser capaces de hacer cosas que no tengan nada que ver con las producciones masivas ni con importaciones”

Las ferias, punto de encuentro

Las ferias son un instrumento clave tanto para la distribución de los productos de Santín Cuero como para confrontarlos con profesionales y consumidores. “Es importante contrastar el producto, yo sólo veo a mis clientes en las ferias, ya que es un comercial quien se ocupa de la distribución por tiendas en Galicia y Asturias, por lo que para mí es importante hablar con ellos. Hacemos dos o tres ferias de venta directa al año además, desde hace ocho vamos a Intergift, en Madrid, y tenemos una cartera de clientes que nos visitan en esas ferias”, explica Luís. En estos encuentros ofrecen

Así e todo, Santín indica que é preciso simplificar para ser máis competitivos e non converterse en “esclavos do oficio”, e prestarlle máis atención a aquilo no que a técnica pode botar unha man. “Nos obradoiros temos que simplificar todo o que non sexa importante nos obxectos ou nas pezas, como a diferenza entre cortar cunha troqueladora ou cortar á man. Se hai oficio detrás, un profesional pode cortar unha peza tan ben como a que corta nun troquel, pero é que o obxecto non se define por sacrificar esa parte”, asegura, pero sen lle negar nunca aos obxectos “o que precisan para ter ese valor”, e esixe ética e honestidade por parte dos artesáns.

As feiras, punto de encontro

As feiras son un instrumento clave tanto para a distribución dos produtos de Santín Cuero como para confrontalos con profesionais e consumidores. “É importante contrastar o produto, eu só vexo os meus clientes nas feiras, xa que é un comercial quen se ocupa da distribución por tendas en Galicia e Asturias, polo que para min é importante falar con eles. Facemos dúas ou tres feiras de venda directa ao ano ademais, desde hai oito imos a Intergift, en Madrid, e temos unha carteira de clientes que nos visitan nesas feiras”, explica Luís. Nestes encontros ofrecen a posibilidade de producir de acordo co catálogo. “Os crecementos fanse realmente en feiras profesionais”, apunta.



Considera ‘miope’ avaliar o resultado da feira xusto cando pecha, xa que son moitos os contactos que dan resultados a longo prazo. “As feiras profesionais son importantes telas como altofalantes do noso traballo, para dicir que estamos, que existimos. Son un punto de conexión que pode estar vinculado a contactos coa administración, a xornadas, a miles de eventos que xiren arredor disto, é unha forma de sondear o mercado”. Santín asegura que as feiras son necesarias, que é fundamental compartir experiencias e facer ver que o sector está vivo, que se move.

Outro punto de encontro para Santín é internet: “unha fiestra aberta para que se saiba onde estamos”. Un investimento que eles consideran máis que amortizado, xa que foi unha vía de entrada para establecer contacto con moitos clientes. De feito, entre as súas intencións, está redeseñala e incluír unha tenda online, coa que poder distribuír directamente os seus produtos.

Luis Santín e María Teresa Martínez

Urb. Camiño Real nº 31, Sigrás

15181 Cambre

Tel.: 981 674 353 / 619 187 702

www.santincuero.com

luis@santincuero.com

Carta de artesan / Carta de artesano nº 522 (Luís Santín)

nº 3.161 (María Teresa Martínez)

Obradoiro artesan / Taller artesano nº 619

la posibilidad de producir de acuerdo con el catálogo. “Los crecimientos se hacen realmente en ferias profesionales”, apunta.

Considera ‘miope’ evaluar el resultado de la feria justo cuando cierra, ya que son muchos los contactos que dan resultados a largo plazo. “Las ferias profesionales son importantes, las tienes como altavoces de nuestro trabajo, para decir que estamos, que existimos. Son un punto de conexión que puede estar vinculado a contactos con la administración, a jornadas, a miles de eventos que giren alrededor de esto, es una forma de sondear el mercado”. Santín asegura que las ferias son necesarias, que es fundamental compartir experiencias y hacer ver que el sector está vivo, que se mueve.

Otro punto de encuentro para Santín es internet: “una ventana abierta para que se sepa dónde estamos”. Una inversión que ellos consideran más que amortizada, ya que ha sido una vía de entrada para establecer contacto con muchos clientes. De hecho, entre sus intenciones, está rediseñarla e incluír una tienda online, con la que poder distribuir directamente sus productos.



Actualidade de Artesanía de Galicia

ACTUALIDAD DE ARTESANÍA DE GALICIA





Óscar Guayabero

O DESEÑADOR FOI CONVIDADO POLA FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO PARA O CURSO "DESEÑO PARA ARTESÁNS"

Óscar Guayabero (Barcelona, 1968) formouse como deseñador na barcelonesa escola Massana pero hoxe en día autodefínese como un para-deseñador. Sobrevoa o mundo do deseño e canaliza novas visións e parámetros. Moitos considéranlo un revolucionario, por iso non é de estrañar que na súa conferencia, dentro do curso "Deseño para Artesáns", arremetese duramente contra o que el cualifica de "artesanía beata", apostando con forza por unha artesanía moderna, innovadora e sedutora. Segundo as súas palabras? 'Sabrosona'.

EL DISEÑADOR FUE INVITADO POR LA FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO PARA EL CURSO "DESEÑO PARA ARTESÁNS"

Óscar Guayabero (Barcelona, 1968) se formó como diseñador en la barcelonesa escuela Massana pero hoy en día se autodefine como un para-diseñador. Sobrevuela el mundo del diseño y encauza nuevas visiones y parámetros. Muchos lo consideran un revolucionario, por ello no es de estrañar que en su conferencia dentro del curso "Deseño para Artesáns" arremetiese duramente contra lo que él califica de "artesanía beata", apostando con fuerza por una artesanía moderna, innovadora y seductora. ¿Según sus palabras? 'Sabrosona'.

Cres que é necesario, no caso da artesanía, que apareza xente como ti, que transforme a visión actual e o que se estivo a facer ata agora?

